



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

Mediante a presente declaración o Concello de Santiago de Compostela quere homenaxear e recoñecer a dúas mulleres pioneiras, Dona Jimena María Francisca Emilia Fernández de la Vega y Lombán, e Dona Elisa Fernanda María del Carmen Fernández de la Vega y Lomban.

As irmás Elisa e Jimena Fernandez de la Vega y Lombán, comezaron en 1914 os seus estudos na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela. Só transcorreran tres anos dende que o Goberno español levantase as restricións para a matriculación das mulleres na universidade. Antes de 1910 debían cursar unha autorización para comezar a estudar nela, un trámite que, unido á discriminación da época, provocaba que apenas houbera mulleres nas aulas universitarias. Até 1900, co fito de Manuela Barreiro, ningunha muller había graduado na universidade compostelá. Pero houbo que esperar até 1919, coa licenciatura de Elisa e Jimena, para que dúas mulleres convertésemos nas primeiras tituladas en Medicina de Galicia.

As dúas irmás iniciáronse na investigación no laboratorio de Nóvoa Santos. O seu bo desempeño valeulles, con menos de 30 anos, o recoñecemento coa Gran Cruz de Alfonso XII por méritos académicos. Tras completar a carreira en Santiago trasladáronse a Madrid para desenvolver as súas teses doutorais e é nesta etapa cando as súas carreiras comezan a enfocarse cara a distintas disciplinas. Particularmente destacou o papel de Jimena Fernandez de la Vega, no eido da investigación xenética, colaborando na súa vida profesional con

persoeiros destacados coma Gregorio Marañón ou Gustavo Pittaluga.

O legado das irmás Fernández de la Vega e Lombán pervive hoxe en Galicia. En 1996, con motivo da celebración dos 500 anos da Universidade de Santiago, a institución dedicoulles unha aclamación, o primeiro que homenaxea a mulleres en toda a súa historia. E a antiga sede do Vicerreitorado de Estudantes en Casas Reais, leva hoxe o seu nome.

Querendo continuar co seu legado e homenaxe merecido, por petición do reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Don Antonio López Díaz, estímase acaído nomear ao novo vial xurdido da adecuación do Campus Sur – Cidade da Saúde (entre as estradas de San Lourenzo e de Noia) co nome das irmás Fernández de la Vega. Seguindo así a tradición de nomear as rúas do Campus da USC con persoeiros de destacada traxectoria e relacionados coa actividade universitaria.

*Por todo isto, asínase esta declaración institucional para levar á Comisión de Títulos, Honras e Condecoracións a petición de dedicarlle a rúa mencionada a “**Elisa e Jimena Fernández de la Vega**”.*

28 de outubro de 2021

**O Alcalde**

*Xosé A. Sánchez Bugallo*